

América Latina: a mafia petroleira global e as súas redes en PEMEX

Isidro Herrera Hernández

O proxecto de control dos vastos recursos enerxéticos continentais está a pórse en práctica agora mesmo; esta trama imperialista redundará no dominio absoluto sobre o noso territorio; despregaranse importantes continxentes bélicos, así coma numerosos axentes civís para propaga-lo dogma único do libre mercado e a democracia imposta *manu militari*.

O Plan dos Estados Unidos para América Latina ten como antecedente a Lei de Axuda Exterior, aprobada en 1961 pola Administración de John F. Kennedy que, segundo Doug Stokes, de *Znet*, “incluía unha dimensión de seguridade de amplo espectro”, sustentada no suposto combate do comunismo, co que “América Latina se convertería na área primaria do intervencionismo estadounidense durante a guerra fría”.

Fomentouse entón a asistencia contrarrevolucionaria, coordinada polos Estados Unidos, destinada á “prevención da independencia e a preservación dos países abertos á penetración dos capitais estadounidenses”, cuns manuais de adestramento nos que se incluía a “guerra de guerrillas, propaganda, subversión, intelixencia e contraintelixencia, actividades terroristas, acción civil e operacións de combate convencional”.

Cara a 1962, ó mando do xeneral William Yarborough, varios continxentes de forzas especiais foron levados a Colombia para adestrar batallóns contrarrevolucionarios; o propio xeneral advertiu que: “cómpre facer un esforzo concertado en todo o país orientado á selección de persoal civil e militar apto para o adestramento clandestino en... funcións de contraespionaxe e propaganda, e para executar actividades paramilitares, de sabotaxe e terrorismo contra promotores coñecidos do comunismo”.

Estas tácticas terroristas impártense na *Escola das Américas*, o máis importante centro de adestramento en guerra non convencional onde, segundo o Consello de Supervisión dos Servicios de Intelixencia dos Estados Unidos (*IOB*), entre 1982 e 1991, “utilizábase material para adestrar oficiais latinoamericanos, que incluía prácticas tales coma execucións, extorsión, abuso físico, coerción e encarceramento finxido”.

De maneira atinada, Stokes explica que: “co final da guerra fría a retórica da política estadounidense mudou do anticomunismo á guerra contra as drogas, e agora á guerra contra o terrorismo”; non obstante, “os obxectivos mantéñense esencialmente intactos: evitar unha alternativa hemisférica funcional que cuestione a hexemonía estadounidense e reprimir á sociedade para previr os custos físicos asociados á disidencia declarada”.

Entre todos estes propósitos, o máis importante é asegurala subtracción das nosas riquezas enerxéticas; non hai mellor forma que militarizando amplas rexións continentais; mesmo sementando o terror entre os seus poboadores, xa abondo sumidos na máis tremenda miseria.

O Plan Colombia

O proxecto de apropiación do petróleo e o gas latinoamericanos xa está en marcha. Comprobouse coa xuntanza, en Miami, entre o xefe do Comando Sur, James Hill, e os secretarios das Forzas armadas de Ecuador e Colombia, Oswaldo Jarrín e Jorge Enrique Mora onde, segundo Marcelo Larrea, de *Adital*, o primeiro insistiu na súa “demanda de “rexionaliza-lo” Plan Colombia”, como parte do Plan de Actividades proposto polo Pentágono, que inclúe a loita contra o *narcoterrorismo* e a protección das fronteiras, como pretextos para impo-la axenda militarista de Washington. Trátase de aplicar pola forza das bombas a privatización dos xacementos enerxéticos da zona.

Un primeiro paso en tan nefasto sendeiro, será o peche da fronteira entre Ecuador e Colombia, aparentemente para frea-lo abastecemento de equipamento destinado ás Forzas Armadas Revolucionarias de Colombia (FARC); logo, nesa mesma fronteira agruparanse milleiros de soldados ecuatorianos, en franca violación da soberanía e do control territorial do Estado colombiano. En tal escenario, calquera chispazo de violencia provocada nesta zona, podería desencadea-las hostilidades entre Ecuador, Colombia e ata a mesma Venezuela, cun goberno que é abondo incómodo para Washington.

A temible empresa mercenaria, *Dyncorp*, inmiscuida no financiamento das guerras “xenocidas” en Iugoslavia e no patrocinio do narcotráfico en Colombia, encargárase da conducción loxística da base aeroespacial de Manta, Ecuador. Baixo o amparo desta edificouse o Centro de Operacións de Avanzada (FOL), dende o que despegaron máis de mil voos militares cara a zona comprendida dentro do Plano Colombia.

Este proxecto é parte do plan de extracción do petróleo e o gas latinoamericano, emprendido pola Secretaría do Pentágono para Asuntos Latinoamericanos, que, segundo o Centro para a Política Internacional, trasladouse do *Buró* para Asuntos de Seguridade Internacional, que exerce o control sobre os recursos mundiais dende as súas distintas sés en África, Oriente Medio, Asia e Europa, cara ó novo *Buró* de Operacións Especiais e Conflictos de Baixa Intensidade. O seu mesmo nome amósanos o talante subrepticio desta guerra contra o continente americano.

En base ós datos subministrados por este mesmo organismo, “América Latina é a única área xeográfica asignada a unha secretaría que se ocupa de cuestións tales como terrorismo, acción antidroga e outras actividades de Forzas Especiais; ademais, segundo *Datos & Análise*, dos seus 16 mil membros a nivel mundial, 4 mil se atopan en América Latina; tan só o Comando Sur conta con 800 militares e 325 civís no seu

asentamento xeral, en Miami; a eles se suman os 570 militares e 1.390 civís do Exército Sur dos Estados Unidos, localizado en Porto Rico, así coma o Continxente Conxunto-Bravo, situado en Honduras. Tantos combatentes semellan o preámbulo de algo máis que unha simple manobra rutineira. Máis ben, estamos ante a fase definitiva de conquista hemisférica para a apropiación violenta das nosas cuncas enerxéticas.

A rede militar mediante a que Washington exerce o control e dominio sobre os recursos naturais do continente, esténdese ata as súas embaixadas, nas que traballan 107 funcionarios en “asistencia en seguridade”, ós que se lles suman os 13 mil policía e militares adestrados en 1999, cun adestramento que correu a cargo de “equipos móbiles” dos Estados Unidos que, a través das súas Forzas Especiais para Adestramento Antidroga e outro tipo de convenios de seguridade controlan ás forzas armadas nacionais. Calquera tipo de invasión colonial require a subordinación das forzas armadas nacionais, que pola súa natureza deben salvagarda-la integridade territorial.

Así mesmo, os seminarios impartidos en decenas de organismos militares estadounidenses, coma o Instituto do Hemisferio Occidental de Cooperación para a Seguridade, onde foron adestrados 650 militares latinoamericanos no mesmo ano; incluídos os exercicios multilaterais, “intercambios regulares e cursos”, dados polo Centro de Estudos para a Defensa Hemisférica de Washington; todos estes instrumentos de penetración empréganse para domina-lo continente enteiro, e así apoderarse dos seus inmensos xacementos petroleiros e gasísticos. Aqueles membros do exército adestrados nesta clase de institucións seguramente perden o sentido de defensa interna mentres a súa mente se enfoca cara a protección dos intereses estranxeiros, case sempre afastados do benestar nacional.

Trama do caos boliviano

Meses antes do tráxico levantamento popular, apareceron rumores sobre un presunto golpe de estado, no cal sería asasinado o principal líder opositor, Evo Morales; segundo o xornalista Wilson García Mérida, esta filtración previu da embaixada norteamericana, onde o embaixador David Greenlee urdiu a entrega do gas boliviano.

Ó mesmo tempo, a subsecretaria de Asuntos contra o Narcotráfico, Deborah MacCarthy, daba a coñece-lo envío de tropas do Comando Sur cara a rexión de Chappare, co pretexto de erradica-los cultivos de coca; ela mesma advertía sobre presuntas infiltracións de guerrilleiros das FARC en territorio boliviano; sempre é o mesmo subterfuxio: o *narcoterrorismo*.

Por certo, MacCarthy desenvolve un aparente traballo coma “intelectual progresista” desde a Universidade do Noroeste de Boston; publicou varios libros, entre os que destaca o titulado *Neoliberalismo, Globalización e Loita para a Democracia Ecolóxica*; estrañas preocupacións para un personaxe experto en invasións militares.

O seu momento máis escuro, foi cando introduciu 2 mil militares estadounidenses do Comando Sur en Nicaragua, co pretexto de subministrar axuda para os

damnificados polo furacán *Mitch*; nese momento era ministra conselleira da embaixada norteamericana en Managua. Despois será funcionaria do Centro de Estudos Hemisféricos para a Defensa; así se chama a antiga *Escola das Américas*. Dende aí elaborou operacións secretas para estende-lo Plan Colombia cara a todo o continente.

Sen dúbida, a provocadora estratexia do embaixador Greenlee é parte do proxecto de expansión militar estadounidense cara a todo o hemisferio; este funcionario foi conselleiro político do Comando Sur nos noventa. Ten razón Wilson García cando afirma que: “este embaixador é experto en crear condicións óptimas para facilita-la invasión militar estadounidense” en toda América Latina “tal como fixo durante a súa xestión como xefe da *CIA* e coma embaixador interino en Bolivia entre 1986 e 1989”.

PEMEX nas mans da mafia

Despois de que o abxuro comunista e confeso *foxista*, Eleazer Sánchez, na súa calidade de embaixador en Bolivia, aconsellase ó goberno mexicano pactar coa *petrocracia* texana, para subtrae-lo gas dos vastísimos xacementos bolivianos, o que produciu unha revolta masiva na que perderon a vida máis de 100 persoas a mans de militares adestrados por Washington, segundo o semanario *Calco*, tan incómodo para o ex-presidente Sánchez de Lozada, agora, a pletórica cunca de Burgos foi vendida pola ridícula cifra de 10 mil millóns de dólares ó consorcio *Repsol-YPF*.

PEMEX mantén accións nesta corporación desde 1979, cando Adrián Lajous bosquexaba o primeiro programa de enerxía mexicano; posteriormente, desempeñaría o cargo de director da *paraestatal* no período 1994-2000. Foi parte da directiva de *Repsol-YPF* en Europa. Actualmente é conselleiro en *McKinsey & Company*, presidente do Instituto Oxford para Estudos Enerxéticos, asesor de *Morgan Stanley* e director de *Executive Schlumberger*, segundo *Russian Press Releases*.

Este personaxe, noutros tempos ligado a PEMEX, forma agora parte do consello consultivo do corporativo *Tyumen Oil Company (TNK)*, propiedade de *Alfa Group*, dirixida por Mikhail Friedman, connotado membro da “Mafia Rusa”, posuidor dunha fortuna que supera os 2 mil millóns de dólares, e financeiro da campaña presidencial de Yeltsin, en 1996, en base á información proporcionada pola revista española *Kalegorria*.

No presente, Friedman confronta procesos criminais en Londres e Nova York, onde é acusado de evasión fiscal, lavado de diñeiro e extorsión nos Estados Unidos. Conxuntamente, está incriminado por suborno e cobro de comisións fraudulentas, na súa actividade coma empresario.

Segundo a mesma publicación, Friedman contribuíu con 2,2 millóns de dólares en doazóns, á campaña de George W. Bush; válese do *EXIM Bank* e “doutros bancos financiados pola *CIA*” para favorece-los seus negocios secretos en Europa; é sospeitoso de traficar con heroína en colaboración coa *CIA*, ademais de posuír pozos

petroleiros en Siberia, xunto con *British Petroleum Amoco*, que tamén está interesada no gas boliviano.

Cando se suspenderon os seus cretos financeiros nos Estados Unidos por substraer fondos do *EXIM Bank* e do Banco Europeo para a Reconstrucción e o Desenvolvemento (BERD), o actual vicepresidente Dick Cheney avogou no seu favor; a cambio, Friedman mercoulle a unha das súas compañías o equipo para explota-lo combustible en Siberia.

Curiosamente, o ex-presidente de *EXIM Bank*, xunto co de *Shell*, forman parte de *Alfa Group*, a empresa de Friedman, que fora acusado de conspirar contra ese mesmo banco. Non é de estrañar nun personaxe que mandou á quebra a distintos bancos e empresas estatais da antiga URSS, e que está implicado no tráfico de armas a organizacións adestradas pola *CIA* en Europa Oriental, Asia e África.

Igualmente, o presidente de *Repsol-YPF*, Alfonso Cortina, mantén estreitos vínculos con Friedman e Marc Rich, reputado traficante de armas, o maior evasor fiscal en toda a historia, amigo do vicepresidente Cheney, membro distinguido da “Mafia Rusa”, colaborador do servizo secreto israelí, financeiro da campaña de Ariel Sharon, e propietario do buque petroleiro *Prestige*, de ingrata memoria para o pobo galego.

Os que entregaron a cunca de Burgos a esta mafia supranacional deberían explica-los seus motivos, aínda que todos coñecemos tales razóns. Estas nada teñen que ver co san desenvolvemento do país, nin moito menos co benestar das maiorías. Máis ben, serve a intereses avesos, relacionados co crime global, que de ningunha maneira buscan a prosperidade dos nosos estados, senón exclusivamente a bonanza propia.

Isidro Herrera Hernández é investigador do Centro de Estudios Estratégicos y Geopolíticos (CEEG), México.